



**Convoca: EspazoCoop**

**Co apoio da Rede Eusumo  
(Xunta de Galicia) e o  
Programa ES Factory  
Interreg España-Portugal  
POCTEP 21-27**

**INICIO DE ESTADÍA  
NAS ENTIDADES  
01/11/24**



**SOLICITUDES**

**ata 16 outubro 2024**

**Unión de  
Cooperativas  
EspazoCoop**

INFORMACIÓN E CONSULTAS:  
[www.espazo.coop](http://www.espazo.coop)  
986 866 149 - [roberto@espazo.coop](mailto:roberto@espazo.coop)

**TALENTO  
COOPERATIVO**

.....  
**CONSOLIDACIÓN  
E FORMACIÓN PARA A  
MELLORA DO  
FUNCIONAMENTO DAS  
COOPERATIVAS E  
ENTIDADES DE ECONOMÍA  
SOCIAL**



# TALENTO COOPERATIVO

## FINALIDADE

A finalidade do Programa é mellorar as condicións nas que as cooperativas confrontan a función xerencial e os procesos de mellora nas súas organizacións, e formar a persoas para desempeñar funcións de xerencia en cooperativas.

## OBXECTIVOS

O obxecto desta convocatoria é seleccionar 4 COOPERATIVAS para incorporar nelas a persoas con titulación e formación axeitada que prestarán apoio na mellora xerencial durante **6 meses e 25 horas semanais**. As persoas bolseiras contan cunha axuda mensual que aboa EspazoCoop para desenvolver o seu labor. A Unión encárgase da selección das persoas bolseiras, en coordinación coas cooperativas.

## PLAN DE MELLORA PARTICIPADO

As bolseiras seguen un Plan de Traballo: un programa formativo teórico-práctico dirixido por EspazoCoop, sobre a xerencia e os procesos de mellora en cooperativas. Realizarán un Plan de Mellora para a cooperativa, de método participado coas socias e socios da cooperativa.

## TITORIZACIÓN // ACOMPAÑAMENTO

As bolseiras e as cooperativas contarán con acompañamento e seguimento puntual de EspazoCoop nos traballos prácticos que se farán na cooperativa/entidade.

>> Un programa para facilitar que as **COOPERATIVAS** tomen **compromiso coa súa mellora para consolidarse**

Xa foron beneficiarias **58 cooperativas** e entidades de economía social no conxunto de tódolas edicións do Programa. As súas valoracións son moi positivas.